

## Nolo

Escrito por Antonio Valverde  
Domingo, 16 Xaneiro 2011 15:10

---

Cando naceu, súa nai púxolle de nome Manuel, non se sabe se en recordo do pai, nunca se soubo quen fora, pois porque ela nunca o dixo. No lugar tirábanlle por Manoliño. Pero el, en canto pasou de picariño, dicía e gustaba que o chamase Nolo.

Nolo vivía coa nai nunha casiña, se pode chamárselle dese xeito a un alboio de cachotaría, terreño, dunha soa peza que servía para todo. Facía de alcoba, cun catre daqueles que daban en chamar “cama turca”, de cociña coa lareira chantada nunha das esquinas, sen cheminea saíndo o fume entre as tellas, unha pía de pedra que tanto servía para lavar as olas como para o aseo persoal, coa auga que carrexaban desde a fonte nunha sella daquelas de madeira con aros de latón, unha sola porta partida ao medio en dúas pezas na que a folla de arriba facía de fiestra, e daba ao camiño da Cabreira.

Xa desde ben pequeno, Nolo estaba afeito a valerse por si, pois a nai facía traballos de criada nas casas dos veciños e o Nolo ficaba só as máis das horas do día. Así é que logo se fixo un destemido, non lle tiña medo a nada, andaba ceibe polos camiños da Cabreira, aínda cos maiores, para meterlle medo a os picariños, sempre andaban a contar que andaba un can rabioso ou que andaba o sacaúntos tras dos rapaces.

Logo ampliou o ámbito das súas andainas escollendo para iso, os paraxes do monte a piñeiral das Cuvichas. Un día si e outro tamén, baixaba polo camiño da Cabreira, deixaba pola dereita o pazo de Pías e seguindo pola costaneira da Romana chegaba ao chan onde, nun tempo atrás, pasaran a feira que se facía no torreiro da capela de San Campio, nos terreos do recheo que fixera a compañía dos tranvías para construír a casa-estación e as cocheiras, cruzaba por diante do bar Galicia a estrada que leva a Gondomar. Antes de pasar a ponte vella, parábase a ollar como traballaba, se é que traballaba, o ferrador que tiña o “choio” ao carón da ponte románica, ou pasmaba ollando para algunha das mulleres, como a pobre da señora Chuca que eivadiña como estaba, recollían entre as pedras das dúas pontes unhas algas de cor castaña cunhas bichocas máis claras, case amarelas, que nomeaban “botella”, que fervían para botarlle aos porcos, pois, naqueles tempos de fame que seguiron á mal fadada guerra, pouco ou nada había con que mantelos. Non lle tiraba ollar para os que andaban a pescar anguías ou sollas, nin por caso meterse el na auga para pescalas. ¿Mollarse?, ¡nin para se lavar!. O seu era o monte. Así é que pasada a ponte e subía polo Camiño Real, que comezaba fronte á casa de Cadaval e atravesaba as Covichas cara a Viso de Calvos dividindo os concellos de Baiona e Gondomar, cousa que el non sabía nin lle importaba res pois non era iso ao que podería sacarlle un algo, e chegando ao campo dos bolos paraba para pensar, se non o tiña xa pensado, que ía facer.

O monte das Covichas non tiña segredos para el, desde a casa de Cadaval a Viso de Calvos, desde a estrada de Borreiros á Reitoral de Santa Cristina e convento de clausura das monxas Carmelitas, non había ser que se movese que el non coñecese. Sabía das silveiras onde os xiríns achantaban os niños e os merlos escondían o rabo cando chovía. As árbores onde acougaban nas tardiñas, facendo unha grande algarabía, e de onde saían pola mañás cedo, rumbo aos campos e praias de lonxe, os corvos e as pegas. Coñecía as toupeiras, os buracos das cobras e da donosiña, e, como non, todas as coelleiras que houbera no monte das Cuvichas.

Para Nolo, as Cuvichas, non eran soamente un lugar de lecer, para Nolo, era a fonte de ingresos cos que axudaba a súa nai. Alí estaba o seu traballo e dedicábase a el coa profesionalidade dun oficial de calquera oficio, apañaba piñas que logo vendía polas portas. Sabía que as piñas tiñan pouco valor e se non eran grandes, ben abertas, secas pero douradas amosando o contido de resina que as facía arder e prender o lume na leña disposta na lareira, nas cociñas de ferro chamadas “tipo Bilbao”, no forno ou en calquera outra fogueira, non pagaba a pena ofrecelas, pois ou non as querían, ou non dan un “chavo” por elas. Nolo gabeaba, descalzo como acotío pois sempre andaba descalzo, ao máis alto dos piñeiros e vareaba naquelas piñas que sabía que non lle rexeitarían cando as fose vender. Logo, xa no chan, apañábaas escollendo as mellores e meténdoas a oito nun carriño de rodas de madeira que acugulaba asta os banzos pondo enriba aínda máis, medidas en sacos. Se non as tiña xa encargadas, comezaba a ofrecelas polas casas da beira da estrada de Baiona, dende a Porta do Sol ao cruce da Ramallosa.

Algunhas tardes do verán, aparecían polo monte, grupos de rapaces e rapazas, poucas veces máis dunha ducia deles, que viñan de folga e facer unha “chocolatada”. Chegando ao chan do campo dos bolos, poucas veces pasaban de alí, axeitaban unhas pedras e facían un fogar para asentar a pota enriba do lume que facían con piñas e paus que collían do redor, para quentar o leite e facer o chocolate que, unha vez feito, papaban acompañando a merenda dalgunha larpeirada como compango de pan branco, cousa que Nolo soamente catava nos días de festa pois decotío comía pan de boroa, de millo. As rapazas vestían roupa de verán, faldriñas ou traxes de manga curta e calzadas con “tenis” de cores da marca Wamba que mercaban na tenda “Tejidos y Novedades Manuel Puga” ou na “La Espuma” que estaban as dúas no cruce da Ramallosa. Entre elas, habíaas que xa lle “arretoñaban as tetas” pero as que máis lle gustaban eran as louras. Había de ser que xa amosaba os gustos dos homes daqueles tempos que devecían polas mulleres de pel branca, por iso elas tapábanse do sol, con faldras ata os pés, camisas de mangas longas e panos na cabeza, e aínda, se o sol apertaba, cubrían con sombreiro de palla. Nolo agochábase para espreitar o que facían, asexábaas cando ían mexar, para sentir as aguilloadas do sexo que tamén a el lle comezaba a acordar.

Tamén se agochaba porque tiña vergonza de que o visen polo xeito que amosaba. Imos ver:

## Nolo

Escrito por Antonio Valverde  
Domingo, 16 Xaneiro 2011 15:10

---

cubría a cachola cunha pucha vella e con algún buraco polo que asomaban pelos do floco, sinal de que o corte de pelo era “meidin Félix o Galán”, o barbeiro da Ramallosa; un cumprido pantalón con perneiras que chegaban por debaixo dos xeonllos, suxeito cun só tirador que cruzaba de diante atrás pasando polo ombreiro; unha camisa que podería ter sido branca, agora chea de esturro, coma todo el, polo lixo castaño da casca dos piñeiros, terra, mocos e outros indescifrables, apegados coa resina; e os pés descalzos. A figura non era para servir de modelo.

Nolo, coma tal, desapareceu ou mudouse de bisbarra como Manuel e os dous apelidos da nai, sen o alcume -“sin segundo”- con que aquela sociedade da posguerra marcaba aos fillos de solteira. Desapareceu tamén, o consumo das piñas coa chegada dos electrodomésticos que arrombaron os lumes de leña. Desapareceu o costume das -“chocolatadas”-, agora a mocidade gusta de embebedarse co botellón. ¿E que pasou co monte das Covichas?. Tamén desapareceu, tragouno unha urbanización.